

Programación 2024-2025

Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares

Conforme ao Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.



IES MESTRE LANDÍN

Táboa de contido

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS
3. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
 - 3.1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
 - 3.2. VIAXES DE ESTUDIO E INTERCAMBIOS ESCOLARES
 - 3.3. ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ARTÍSTICAS
 - 3.4. PROXECTO DO CENTRO PARA A PARTICIPACIÓN NOS CONTRATOS-PROGRAMA
 - 3.5. CONMEMORACIÓN
 - 3.6. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

1. Introducción

Durante o curso 2024-2025 o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares do IES Mestre Landín estará coordinado pola profesora Marta Mª Diz Morales, que exercerá a xefatura de departamento baixo a supervisión da Xefa de Estudos, Casilda Basteiro Gómez.

2. Obxectivos

- Facilitar a planificación e a optimización das actividades complementarias e extraescolares, en coordinación cos xefes dos departamentos didácticos implicados e co equipo directivo do centro.
- Incentivar que a elección, organización e o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares partan da motivación, o interese e a implicación do alumnado, das familias e do profesorado.
- Coordinar co alumnado, co profesorado e ca ANPA as actividades extraescolares.
- Impulsar a avaliación das actividades realizadas por parte de todos os axentes implicados.
- Favorecer a consolidación da Biblioteca Escolar como eixo vertebrador do centro, utilizando este espazo e os recursos dispoñibles para o meirande número posible de actividades complementarias ou extraescolares.
- Colaborar estreitamente coas coordinadoras da Biblioteca Escolar, Susana Arizaga Castro e do Equipo de Dinamización Lingüística, Inés Allariz Pena.

3. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

Este programa anual non é máis que unha desiderata que plasma as intencións da xefa de departamento tras unha primeira Comisión de Coordinación Pedagóxica, na que se lles transmitiu aos xefes de departamento os obxectivos para este curso escolar e a necesidade de comezar a planificar e coordinar con eles as actividades complementarias e extraescolares.

3.1. Actividades complementarias

En cada reunión mensual da Comisión de Coordinación Pedagóxica os distintos departamentos proporán aquelas actividades complementarias que poidan ir xurdindo ao longo do curso. Na proposta especificaranse obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.

Ao longo do curso levaranse a cabo diferentes saídas organizadas polos diferentes departamentos:

✓ Departamento de Educación Física

Para 3º ESO / 4º ESO:

- Ruta de Sendeirismo e interpretación de mapas. Sendeiro costeiro de Praia de Agreló-Praia de Beluso-Praia de Lagos. (2º / 3º trimestre).
- Piragüismo en augas tranquilas, desde Salvaterra de Miño ata Caldelas de Tui. (3º trimestre).

Para 3º de ESO:

- Ruta de Sendeirismo e interpretación de mapas. Pastoriza-Ermelo. (1º / 2º trimestre).

Para 1º/2º ESO:

- Saída camiñando ata a praia de Mogor, para realizar xogos (para un mesmo nivel). (1º / 2º / 3º trimestre)

Para todos os niveis:

- Xogos intraescolares con grupos do mesmo nivel: Dentro do horario escolar, facer coincidir nunha mesma sesión a dous grupos dun mesmo nivel para facer xogos entre os grupos. Hai que contar coa cesión dunha sesión de clase doutra materia coincidente dun dos grupos participantes.

✓ **Departamento de Orientación**

En cada trimestre organizarase unha actividade co fin de facilitar o achegamento ás parellas do programa TEI:

- 1º trimestre: Celebración das Cucañas.
- 2º trimestre: Día de Rosalía.
- 3º trimestre: Día do libro
- Formación alumnado mediador, a partir de 2º ESO.

✓ **Departamento de Tecnoloxía**

4º ESO

- Competición de robótica Uvigo (mes de abril)
- Visita fábrica de Ence (mes de maio)

3º ESO

- Competición de robótica Uvigo (mes de abril)
- Congreso Ciber seguridade (novembro)
- Visita fábrica de Clesa (marzo)

2º ESO

- Visita a Citroën (terceiro trimestre)

1º ESO

- Congreso Ciber seguridade (novembro)
- Visita a FPinnova en (novembro)

- Tecendo pontes co CEIP Carballal (maio)
- Visita a ENCE (principios do mes de maio)

✓ **Departamento de Lingua Castelá e Literatura**

1º ESO:

- Actividades de formación do proxecto Radio na biblio (pendente de resolución a convocatoria)
- Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia e participación no Concurso de Ciberseguridade (en colaboración co departamento de Tecnoloxía) 7-11-2024
- Teatro: Asistencia a unha representación teatral
 - Posibles datas (será unha soa):
 - Mentira 21-11-2024. Teatro Salesianos, Vigo.
 - Frankenstein 12-03-2025. Auditorio de Vilagarcía.

2º ESO

- Teatro: Asistencia a unha representación teatral
 - Posibles datas (será unha soa):
 - Mentira 21-11-2024. Teatro Salesianos, Vigo.
 - Frankenstein 12-03-2025. Auditorio de Vilagarcía.

LCL 3º ESO, 4º ESO E 4º PDC:

- Teatro: Asistencia á representación teatral da obra *Don Quijote* o 05-02-2025 no Auditorio de Vilagarcía e visita á Casa Museo de Valle-Inclán en Vilanova de Arousa.
- Os medios de comunicación: Visita á Radio Galega, á TVG e á rotativa dun xornal en Santiago de Compostela (pendente de confirmación de data)

3º Oratoria:

- Actividades do Plan Proxecta: Parlamento Xove

- ✓ **Ámbito Lingüístico social 4º PDC:**
 - Visita á Fera de emprendemento Pont-Up Store 20-09-2024, Pontevedra (en coordinación co profesor de Economía).

✓ **Departamento de Música**

RECREOS MUSICAIS:

- Concertos de Santa Icíá: semana do 22 de novembro
- Concertos de panxoliñas: primeira semana de decembro
- Concertos de músicas para namorar: semana do 14 de febreiro
- Concertos de primavera: 1ª semana de marzo
- Concertos das Letras Galegas: semana do 17 de maio
- Concertos finais: Semana do 9 de xuño

REALIZACIÓN DUN MUSICAL (en colaboración coa profesora de Teatro)

En colaboración co departamento de Orientación:

- OBRADOIRO DE CORO – Os luns no recreo, para todo o alumnado e profesorado
- OBRADOIRO DE BAILE GALEGO – Os martes no primeiro recreo, para todo o alumnado e profesorado.
- OBRADOIRO DE ECOPERCUSSION (2º, 3º e 4º ESO) Semana do 17 de marzo
- OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL GALEGO CON GABI REBOREDO(2º ESO) Segundo trimestre
- OBRADOIRO DE CANTO, PANDEIRETA E PERCUSIÓN TRADICIONAL GALEGA CON GABI REBOREDO (3º ESO) Segundo trimestre
- OBRADOIRO DE RAP E IMPROVISACIÓN CO RABELO (4º ESO) Segundo trimestre

Outras actividades:

Actividade: CONCERTO DIDÁCTICO DA BANDA DE MÚSICA DE MARÍN: 2º da ESO (é posible que tamén 3º e 4º da ESO). Venres 11 de outubro

Actividade: INTERCAMBIO MUSICAL CUN IES DE GALICIA: 3º da ESO, segundo ou terceiro trimestre.

✓ **Departamento de Francés**

ACTIVIDADE: contacontos "CONTE AVEC MOI", que leva a cabo Samuel Moutoumjour, profesor de francés. Posible actividade conxunta con alumnado do IES Illa de Tambo

DATA PREVISTA: febreiro

ALUMNADO: alumnado de FRANCÉS SLE de 1º e 2º da ESO.

Propostas para o grupo de **Latín 4º de ESO**:

VISITA ÁS SALINAS ROMANAS (XACEMENTO DO AREAL) + VILA ROMANA DE TORALLA en VIGO.

Data aproximada: 16.12.2024

VISITA Ó MUSEO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA e ESCOLA DE RESTAURACIÓN en PONTEVEDRA

Data aproximada: 17.03.2025

✓ **Departamento de Lingua Galega e Literatura**

- Concurso de relatos e curtas de terror (Samaín). Semana do 30 de outubro. Colaboración con EDLG.
- Magosto con xogos populares e tradicionais. Novembro.

- Candeloria. Poemas de amor en diferentes linguas (2 de febreiro). Colaboración entre Departamentos de linguas.
- Día de Rosalía. Recital de poemas. Micro aberto. Caldo de gloria. (23 de febreiro)
- Entroido: Mandadiños (semana do entroido)
- Obradoiro Branca Trigo (Poesía oral e/ou contemporánea). Día da Poesía (21 de marzo).
- Día do libro: Apadriña un lector. Receitas para curar o espírito. (23 de abril)
- Día das Letras Galegas. Concerto música tradicional. Musical? (semana 17 de maio)
- Visita Nee Barros (autore e tradutore)

SAÍDAS:

Os mundos de Castelao > Museo de Pontevedra 1º Trimestre. 1º e 4º ESO

✓ Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

1º ESO:

- Visita ao Museo do Mar de Marín. 3º trimestre.

3º ESO:

- Charlas Quérote + sobre a prevención de ETS e condutas sexuais de risco. 2º trimestre.
- Visita aos museos científicos. 3º trimestre.
- Charla de Rexurdir sobre a prevención no consume de drogas. 2º trimestre.
- Charla sobre trasplantes e doazón de órganos. 3º trimestre.

4º ESO:

- Visita guiada ao Xeoparque Cabo Ortegal. 3º trimestre.
- Charla dun investigador do CiBUS (USC). 2º trimestre.

✓ **Departamento de Matemáticas**

- Concurso Canguro Matemático (2º trimestre)
- Concurso Rally Matemático (3º trimestre)
- Imatxina Vigo (3º trimestre)

Ademais, coa colaboración dos diferentes departamentos didácticos, desenvolveranse as seguintes actividades:

- Alumnado colaborador de Biblioteca
- Cucañas: actividade de cohesión.
- Samaín
- Despedindo o ano
- Entroido
- Elaboración revista Marusía
- Preparación obra de teatro.
- Organización recreos inclusivos.
- Día do centro.

3.2. Viaxes de estudio e intercambios escolares

Non hai programados viaxes de estudos nin intercambios escolares.

3.3. Actividades deportivas e artísticas

Ao longo do curso fomentárase o uso do pavillón cuberto para a realización de actividades deportivas nalgún recreo, baixo a supervisión de profesorado voluntario.

No 3º trimestre levarase a cabo unha nova edición do Torneo Deportivo.

3.4. Proxecto do centro para a participación nos Contratos-Programa

Ao cerre desta programación, aínda non habían sido publicadas as bases para a participación nos Contratos-Programa deste curso. É intención do centro participar nos mesmos.

3.5. Conmemoracións

En coordinación coa Biblioteca traballaranse as diferentes conmemoracións e publicitaranse a través das redes sociais do centro.

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.

- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas. (Departamento de Lingua Galega e equipo de Dinamización Lingüística).
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Medio Ambiente
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

3.6. Organización, funcionamento e horario da biblioteca

A persoa responsable da coordinación do equipo da biblioteca é a xefa do departamento de Lingua Castelá, Susana Arizaga Castro. Neste curso 2024-2025 terá tres horas de dedicación exclusiva á Biblioteca. Unha delas empregárase na coordinación co EDLG e co departamento de actividades extraescolares para a organización conxunta desas actividades co propósito de implicar ao maior número posible de alumnado e profesorado. Outra das horas empregárase para a coordinación co equipo directivo. Na última coinciden a coordinadora e o profesor de EPVA, que tamén ten unha hora dispoñible para a catalogación e a xestión documental da biblioteca.

As gardas de atención á biblioteca repártense do seguinte xeito:

	LUNS		MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª						
2ª						
3ª						
R	Susana Arizaga Castro		Susana Arizaga Castro	Alexandra Torres Filgueira	Alexandra Torres Filgueira	Susana Arizaga Castro
4ª						
5ª						
R			Casilda Basteiro Gómez	Susana Arizaga Castro		
6ª						
7ª						

A biblioteca permanecerá aberta todos os recreos xa que no IES Mestre Landín só se imparten os catro niveis da ESO e o alumnado non ten posibilidade de acudir á biblioteca en horario lectivo sen o acompañamento do profesorado.

En Marín, o 14 de outubro de 2024.

A xefa do departamento

Asdo.: Marta Mª Diz Morales